



CONCELLOS

BÓVEDA

Anuncio

Por Resolución da Alcaldía-Presidencia n.º 2024/0427, de data 24/07/2024, aprobouse a seguinte Resolución cuxa parte dispositiva transcríbese literalmente:

“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Resultando que teño previsto ausentarme varios días da localidade por motivo de vacacións, e que aos tenentes de alcalde lles corresponde substituír na totalidade das funcións e por orde de nomeamento, nos supostos de ausencia, enfermidade ou impedimento que me imposibilite para o exercicio das miñas funcións.

Resultando que nos casos de ausencia, enfermidade o impedimento as funcións do alcalde non poderán ser asumidas polo tenente de alcalde a quen corresponda sen expresa delegación, debendo reunir os requisitos establecidos no artigo 44.1 e 2 do Regulamento Orgánico de Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Resultando que me vou ausentar no período comprendido entre os días 29/07/2024 ate o 12/08/2024, ambos inclusive, por razón de vacacións.

Resultando que a segunda Tenente de Alcalde é Dona Cristina Juíz López.

Considerando que, conforme o disposto no artigo 44.1 e 44.2 do Real Decreto 2568/1986, de 26 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Orgánico de Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, establece que tódalas delegacións serán realizadas mediante decreto do alcalde que conterà o ámbito dos asuntos ós que se refire a delegación, as facultades que se deleguen, así como as condicións específicas do exercicio das mesmas, na medida que se aparte do réxime xeral previsto no Regulamento.

Considerando, que conforme o mencionado artigo 44, a delegación de atribucións surtirá efecto dende o día seguinte á fecha do decreto, salvo que nela se dispoña outra cousa, debendo publicarse no BOP. Igualmente se dará coñecemento ó Pleno.

Considerando o disposto no artigo 47 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais por medio da presente:

RESOLVO:

1.- Que Dona Cristina Juíz López, segunda tenente de alcalde, substituirame na totalidade das miñas funcións de alcalde-presidente, con data de efectos do día 29/07/2024 ate o 12/08/2024, ambos inclusive, por razón de vacacións.

2.- Que se notifique e se proceda á publicación da presente delegación no BOP, tal e como dispón o artigo 44.2 do Regulamento Orgánico de Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, dándose conta ó Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre.

O que se fai público para xeral coñecemento”.

Bóveda, 30 de xullo de 2024.- A Alcaldesa En Funcións, Cristina Juiz López.

R. 2307

FRIOL*Anuncio***APROBACIÓN PADRÓN DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO MES DE XUÑO DE 2024**

A Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 8 de xullo de 2024, prestou aprobación ao Padrón do Prezo Público do Servizo de Axuda no Fogar do mes XUÑO de de 2024, por un importe total de 5.992,97 €uros.

Segundo o disposto no artigo 83.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de 20 días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poda ser examinado e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevado a definitivo se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulase ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante o Sr. Alcalde-Presidente, no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate da exposición pública do correspondente Padrón.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición. No entanto, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

A cobranza en periodo voluntario do Prezo Público do Servizo e periodo indicado, terá lugar no prazo de dous meses dende a publicación do edicto no BOP, transcorrido o mesmo procederase a esixir as débedas cos xuros de demora e os recargos, de acordo cos artigos 26 a 28 da Lei 58/2003 Xeral Tributaria. Os recibos que figuran domiciliados, enviaranse ás respectivas entidades para o seu cargo nas contas/IBAN, designadas polos contribuíntes.

Friol, 16 de xullo de 2024.- O Alcalde-Presidente, José Ángel Santos Sánchez.

R. 2308

MONFORTE DE LEMOS*Anuncio***MODIFICACIÓN DE BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DE 2024**

Aprobada inicialmente en sesión ordinaria do Pleno deste Concello, de data de 29 de xullo de 2024 a modificación das bases de execución do orzamento para 2024, con arranxo ó previsto no artigo 169 do Texto Refundido da lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e o artigo 20 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, exponse ó público o expediente e a documentación preceptiva por prazo de quince días desde a publicación deste anuncio, ós efectos de reclamacións e alegacións.

Durante dito prazo, poderá ser examinado por calquera persoa interesada nas dependencias municipais, para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes, de non producirse alegacións entenderase aprobado con carácter definitivo.

Monforte de Lemos, 30 de xullo de 2024.- O ALCALDE, José Tomé Roca. P.D. Decreto de data 21.06.2023, A PRIMEIRA TENENTE DE ALCALDE, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 2309

OUIROL*Anuncio***EXPOSICIÓN AO PÚBLICO**

Por Decreto de Alcaldía número 2024-0279, de 24 de xullo de 2024, prestouse aprobación ao Padrón municipal da TAXA de recollida de LIXO correspondente ao 2º TRIMESTRE de 2024.

Por Decreto de Alcaldía número 2024-0280, de 24 de xullo de 2024, prestouse aprobación ao **Padrón municipal da TAXA da AUGA correspondente ao 2º TRIMESTRE de 2024**.

Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei xeral tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de **15 días hábiles**, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante o órgano que o aprobou, no prazo **dun mes**, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei reguladora da referida xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo **dun mes** dende que se entenda producida a notificación.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto nos artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, **fixase como prazo de ingreso en período voluntario** dous meses, a contar **dende o 2 de setembro de 2024 ata o 4 de novembro de 2024, ambos inclusive**.

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas. Para os demais contribuíntes os recibos poranse á súa disposición nas oficinas municipais para efectuar o pago.

A falta de pago do canon da auga da Xunta de Galicia no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.

Transcorrido o prazo de pagamento en período voluntario, iníciarase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e das recargas do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de constrinximento; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederase á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento xeral de recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremo, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, xeral tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei xeral tributaria.

Ourol, 26 de xullo de 2024.- O Alcalde – Presidente, José Luis Pajón Camba.

R. 2310

PALAS DE REI

Anuncio

NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE LIQUIDACIÓNS E ANUNCIO DE COBRANZA

Unha vez aprobados definitivamente por resolución desta Alcaldía nº 2024-0433, ditada o 29 de xullo de 2024, os padróns e listas cobratorias dos tributos locais Taxa pola prestación do servizo de saneamento e abastecemento de auga, recollida de lixo e canon da auga, referidos ao exercicio de 2º Trimestre do 2024, expóñense ao público no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro municipal de edictos, por un prazo de quince días hábiles a contar dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio, co fin de que aqueles que se consideren interesados poidan formular todas as observacións, alegacións ou reclamacións que teñan por convenientes.

Contra o acto de aprobación dos devanditos padróns e/ou liquidacións contidas neles poderase interpor un recurso previo de reposición ante a Alcaldía-Presidencia no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da finalización da exposición pública, de acordo co establecido no artigo 14 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo. Polo que

respecta ao canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia tamén no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación consonte co disposto no artigo 49,7 do Decreto 136/2012 polo que se aproba o regulamento do canon da auga e do coeficiente de vertido a sistemas públicos de depuración de augas residuais.

Conforme o establecido no artigo 62.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, ponse en coñecemento dos contribuíntes que se procederá ao cobramento en período voluntario do imposto do día 1 ao 31 de agosto. O pagamentos farase efectivo nas entidades financeiras colaboradoras. Os recibos correspondentes a esta cobranza que figuren correctamente domiciliados enviaranse ás respectivas entidades de depósito para que sexan adebedados nas contas dos seus clientes.

Unha vez transcorrido o prazo de ingreso voluntario sen que se satisfaga a débeda, iniciarase o período executivo, de acordo co teor dos artigos 26, 28 e 161 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, o que determinará a esixencia dos xuros de mora, así como a das recargas que correspondan e, se é o caso, das custas do procedemento de constrinximento. Polo que respecta ao canon da auga a vía de constrinximento será realizada pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

Palas de Rei, 29 de xullo de 2024.- O alcalde, Pablo José Taboada Camoira.

R. 2311

O PÁRAMO

Anuncio

RESULTADOS DO PROCESO LIBRE EXCEPCIONAL PARA A CONSOLIDACIÓN E ESTABILIZACIÓN COMO PERSOAL LABORAL FIXO POLO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN DE 2 POSTOS DE AUXILIARES DE AXUDA NO FOGAR POR CONCURSO

Rematado o proceso libre excepcional para a consolidación e estabilización como persoal laboral fixo dos postos de referencia, de conformidade coa base décima das convocatorias, fase público o resultado do proceso citado.

A puntuación detallada dos méritos valorados consta nas actas das sesións dos correspondentes tribunais que se atopan publicadas no taboleiro de edictos da sede electrónica e taboleiro de edictos da Casa do Concello:

PROCESO LIBRE EXCEPCIONAL PARA A CONSOLIDACIÓN E ESTABILIZACIÓN COMO PERSOAL LABORAL FIXO DE 2 POSTOS DE AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR :

NOME E APELIDOS	FASE OPOSICIÓN	FASE CONCURSO	PUNTUACIÓN TOTAL
EVA DÍAZ LÓPEZ	60	11,31	71,31
MARÍA BEGOÑA SAMPEDRO FERNÁNDEZ	52	32,25	84,25
MARÍA JOSÉ PÉREZ LÓPEZ	50	14,75	64,75
JULIA DORADO DURO	50	10,88	60,88

O tribunal propuxo a contratación das candidatas que obtiveron a maior puntuación no concurso de méritos:

NOME E APELIDOS

D.N.I

María Begoña Sampedro Fernández

***7749**

Eva Díaz López

***4604**

De conformidade coas bases, o Tribunal elevou as relacións precedentes, xunto coas actas das sesións ao Sr. Alcalde.

A publicación das puntuacións se realizará no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios do concello e no taboleiro de anuncios da sede electrónica. Os aspirantes propostos, achegarán no prazo de vinte (20) días naturais, contados a partir da publicación da lista de aprobados no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, no Rexistro Xeral do Concello, a documentación relacionada na base undécima.

A non presentación dentro do prazo fixado da documentación esixida nesta base, e agás nos caso de forza maior, ou cando do exame da mesma dedúzase que carecen dalgún dos requisitos sinalados na base cuarta, os seleccionados non poderán ser contratados e quedarán anuladas as actuacións con respecto a este candidato/ta, procedéndose a contratar ao que lle siga na lista por orde de puntuación nas cualificacións,

sempre que superara a totalidade dos exercicios, sen prexuízo da responsabilidade en que incorrera aquel por falsidade na solicitude de participación.

Contra o presente acordo poderá interpoñerse recurso de alzada no prazo de UN MES a contar dende o seguinte ao da publicación do presente anuncio no BOP de Lugo.

O Páramo, 26 de xullo de 2024.- O 1º Tenente Alcalde por delegación, Benjamín García Toirán.

R. 2312

A POBRA DO BROLLÓN

Anuncio

OFERTA EMPREGO PÚBLICO 2024

Por resolución de Alcaldía de data trinta de xullo de dous mil vinte e catro(Decreto-2024-105), aprobouse a oferta de Emprego Público para 2024 deste Concello (Expte.376/2024) e de conformidade co disposto no artigo 128 do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado polo Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril; no artigo 91 da lei 7/1985, de 2 de abril, da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local; e no artigo 70 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, procedese a súa publicación.

PERSOAL FUNCIONARIO:

DENOMINACION	Nº Prazas	GR/CD	ESCALA	SUBESCALA	Acceso	Sistema
Administrativo	1	C1/22	Administración Xeral	Administración	libre	Oposición

PERSOAL LABORAL:

DENOMINACION	Nº Prazas	GR/CD	Posto de Trabajo	SUBESCALA	Acceso	Sistema
Traballador Social	1	A2/20	Servizos Sociais	Técnico	libre	Concurso-Oposición
Educador familiar	1	A2/20	Servizos Sociais	Técnico	Libre	Concurso-Oposición
Técnico Medio Ambiente	1	B/20	Servizos Sociais	Técnico	Libre	Concurso-Oposición

Contra a presente Resolución, que pon fin a vía administrativa, pode interpor alternativamente recurso de reposición potestativo ante a Alcaldía, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da publicación do presente anuncio, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 01 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou recurso de contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses, a contar dese o día seguinte ao da publicación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpor Vde. Calquera outro recurso que estime máis conveniente ao seu dereito.

A Pobra do Brollón, 30 de xullo de 2024.- O alcalde, José Luís Maceda Vilariño.

R. 2313

MINISTERIO DE FACENDA

BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONES (BDNS) – XOVE

Anuncio

EXTRACTO DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA Nº 2024-1097 DE 30 DE XULLO DE 2024 POLA QUE SE APROBA A CONVOCATORIA, EN RÉXIMEN DE CONCORRENCIA NON COMPETITIVA DAS AXUDAS AO ESTUDO DO CONCELLO DE XOVE NAS MODALIDADES DE COMEDOR, ESTANCIA E TRANSPORTE PARA O CURSO 2023-2024

BDNS (Identif.): 778073

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións

(<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/778073>)

Primeiro. Beneficiarios.

As persoas interesadas na concesión dunha axuda deberán cumprir o requisito de empadramento e residencia efectiva do núcleo familiar no Concello de Xove, salvo no caso de independencia da persoa solicitante, que se considerará tal se no momento da solicitude ten contrato de traballo en vigor, e en cuxo caso se requerirá o empadramento e residencia efectiva persoal.

Segundo. Obxecto

As bolsas e axudas ao estudo reguladas nas presentes bases teñen por obxecto atender a sufragar os gastos derivados de:

A) Gastos de comedor para: Estudantes de ensinos en centros públicos da comarca da Mariña que precisen comer fóra de Xove a causa dos seus horarios, cando ditos estudos non sexan impartidos nos centros de ensino do Concello de Xove

B) Gastos de estancia para:

1. Estudantes universitarios en universidades españolas.
2. Estudantes de ciclos formativos que non existan na comarca.
3. Estudantes de ensinos artísticos, profesionais e superiores e de ensinos deportivos, profesionais e superiores.

C) Gastos de desprazamento para:

- 1.- Estudantes que cursen estudos existentes en San Cibrao, Viveiro ou Burela, cando o seu horario escolar non sexa compatible coa liña regular de transporte de viaxeiros.
- 2.- Estudantes de ciclos formativos en centros da Mariña Lucense, agás os recollidos no punto anterior.
- 3.- Estudiantes que cursen estudos existentes en San Cibrao ou Burela e que ao regreso só dispoñan de transporte regular ata Xove e non ata a súa parada de orixe, por incompatibilidade da liña de transporte de viaxeiro
- 4.- Estudantes de ciclos formativos que non existan na comarca.
- 5.- Estudantes de ensinos artísticos, profesionais e superiores e de ensinos deportivos, profesionais e superiores.
- 6.- Estudantes universitarios en universidades españolas.

Terceiro. Bases reguladoras

Pode consultarse a Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Xove na seguinte dirección:

<http://xove.sedelectronica.gal/transparency/58926865-bd2e-46f3-857a-14f57f19f9fd/>

Cuarto. Contía

O Concello de Xove abonará as axudas ás persoas solicitantes que reúnan os requisitos previstos nestas bases por alumno ou alumna segundo a renda per cápita familiar (englobando os ingresos de todos os membros da unidade de convivencia) que consta na declaración do Imposto Sobre a Renda das Persoas Físicas presentada no ano da solicitude.

As dotacións das bolsas son as seguintes:

A.-Axudas de comedor para estudantes de ensinos en centros públicos da comarca da Mariña que precisen comer fóra de Xove a causa dos seus horarios, cando ditos estudos non sexan impartidos nos centros de ensino do Concello de Xove: 240,00 euros cada unha.

B.- Axudas de estancia:

- 1.- Estudantes universitarios en universidades españolas: 250,00 euros cada unha.
- 2.- Estudantes de ciclos formativos que non existan na comarca: 250,00 euros cada unha.
- 3.- Estudantes de ensinos artísticos, profesionais e superiores e de ensinos deportivos, profesionais e superiores: 250,00 euros cada unha.

C.- Axudas de desprazamento:

- 1.-Axudas para estudantes que cursen estudos existentes en San Cibrao, Viveiro ou Burela, cando o seu horario escolar non sexa compatible coa liña regular de transporte de viaxeiros: 300,00 euros cada unha.
- 2.- Axudas para estudantes de ciclos formativos en centros da Mariña Lucense, agás os recollidos no punto anterior: 300,00 euros cada unha.
- 3.- Axudas para estudantes que cursen estudos en San Cibrao ou Burela e que ao regreso só dispoñan de transporte regular ata Xove e non ata a súa parada de orixe, por incompatibilidade da liña de transporte de viaxeiros: 270,00 euros cada unha
- 4.- Axudas para estudantes de ciclos formativos que non existan na comarca: 150,00 euros cada unha.
- 5.- Axudas para estudantes de ensinos artísticos, profesionais e superiores e de ensinos deportivos, profesionais e superiores: 150,00 euros cada unha.
- 6.- Axudas para estudantes universitarios en universidades españolas: 150,00 euros cada unha.

Quinto. Requisitos dos solicitantes

As persoas interesadas na concesión dunha axuda deberán cumprir o requisito de empadramento e residencia efectiva do núcleo familiar no Concello de Xove, salvo no caso de independencia da persoa solicitante, que se considerará tal cando no momento da solicitud teña contrato de traballo en vigor, e en cuxo caso se requirirá o empadramento e residencia efectiva persoal.

Para ter dereito ás axudas para gastos derivados de estancia e de desprazamento, os/as estudantes deberán presentar o boletín de notas ou certificado do centro educativo de terse presentado alomenos ao 50% das materias correspondentes á matrícula.

No caso das axudas ao desprazamento recollidas no apartado 1 desa modalidade, os/as estudantes deberán aportar certificado do centro de ensino do horario escolar para xustificar que éste non é compatible coa liña regular de transporte de viaxeiros.

Sexto. Prazo de presentación das solicitudes

As persoas interesadas en acceder ás axudas deberán solicitalo no impreso normalizado facilitado polo Concello, acompañado da documentación a que se refire a Cláusula Sétima.

As solicitudes atoparanse a disposición das persoas interesadas no Departamento de Servizos Sociais e presentaranse no Rexistro Municipal do Concello.

O prazo de presentación das solicitudes abarcará 20 días hábiles desde o día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia. Este prazo poderá ser prorrogado, excepcionalmente por Resolución motivada do Sr. Alcalde-Presidente, sen que en ningún caso a duración de dita prórroga poda exceder de 10 días.

Asímesmo, tamén poderán presentarse ditas instancias no rexistro e oficinas, de acordo co previsto no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Xove, 30 de xullo de 2024.- O ALCALDE, José Demetrio Salgueiro Rapa.

R. 2314